

Sr. Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - Santiago de Compostela

Estimado Presidente:

Estamos recibindo numerosas queixas de pais e nais que viven nas parroquias do noso Concello, alertándonos de que, de súpeto, neste inicio de curso escolar dos seus pícaros e pícaras, o autobús escolar xa non se detén nas paradas do transporte escolar á que viñan tendo dereito e uso ao longo destes anos atrás.

Existe un sentimento de frustración moi grande ao non teren unha explicación clara para saber a que responde esta alteración substancial nos puntos de parada do transporte escolar.

Polo que podemos saber, as alternativas que se ofrecen son en todos os casos moito máis lesivas dado que as novas ubicacións das paradas sempre se propoñen a máis distancia do domicilio familiar, chegando en moitos casos a plantexarse no sentido contrario á cercanía do centro educativo.

Desde o Concello de Ribado non temos a competencia nin de educación nin de transporte, aínda que colaboramos economicamente de xeito importante ao mantemento e conservación do CEIP Gregorio Sanz e vemos como, unha vez máis, se están a producir taras e problemas por vivir no medio rural. Nestes últimos anos desde o Concello de Ribadeo, e tamén ás veces coa colaboración da Deputación de Lugo, fomos renovando e aumentando as marquesiñas das paradas do transporte escolar. E agora vemos que algunhas delas van quedar inservibles ao propósito para o que foron instaladas.

Ademais, a poboación das parroquias non tivo movementos residenciais significativos nestes derradeiros anos polo que non acabamos de entender esta decisión tan pouco afortunada. Se realmente queremos apostar por un mundo rural vivo debemos contribuír a dar máis servizos e non precisamente a eliminar ou restrinxir os poucos que van quedando.

Sabemos que esta situación está afectando a numerosas familias tanto do ensino primario e secundario obrigatorio como de Bacharelato, e aínda sabendo que estes últimos acceden ao transporte escolar como usuarios normais, non deixan de ser rapaces e rapazas nas primeiras etapas da súa vida.

Por todo iso, desde o Concello de Ribadeo, con todo respecto, mais de xeito enérxico, dirixímonos a vostede, como Presidente da Xunta de Galicia e responsable da competencia de Transportes e Mobilidade para que paralice este despropósito que se creou neste curso académico que agora empeza.

Reciba un cordial saúdo e quedamos á espera das súas novas, que agardamos sexan favorables.

Fernando Suárez Barcia
Alcalde de Ribadeo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

